

Pastor Outeiral

O u r e n s e , 1 9 6 2
Fillo de Pastor (futbolista) e de Tita (mestra).
Con 26 anos remato o meu master "cum laude"
en insensatez, curiosidade e viaxes.
Estudante de todo en particular e de nada en
xeral. Pintor e fotógrafo.
Alumnos de Agustín Ibarrola e Antoni Clave.
Activista na liga de poetas.
Colaborador de Fernando Arrabal e a Escola
P a t a f í s i c a .
Vinculado durante catorce anos ó fotoperiodismo.
Especialista do acto creativo e as súas relacións
c o i n ú t i l e o e s e n c i a l .
Teórico da capacidade e activista da dispersión.
Becado tres veces consecutivas pola Consellería
de Cultura de Galicia para proxectos de creación.
Primeiro premio Cruz Vermella Carteis contra a
s i d a .
Seleccionado en varias bienais de arte contem-
poráneo e, noutras, non. Exposicións en galerías
de España, Portugal, Francia e Marrocos.
Encontrador de obxectos á beira do mar.
Lanzador de mensaxes en botella.
Publico os libro de fotografías *La ciudad sumer-
gida, Contemporáneos, Anartismos* (Casa de
Galicia en Madrid), *Los anzuelos en los ojos*
(Caixa Nova, Pontevedra), *Eixo Atlántico* (Galicia
e Portugal), *Las gentes secretas* (Ourense).
Púxil ás veces e practicante de caricias vocacional.
Expoño os meus tesouros ás veces, outras veces
o s o c u l t o .



www.pastorouteiral.com



Asociación Profesional de Galerías de Arte de Galicia

A Galería Sargadelos Ferrol
comprácese en convidalo/a á
inauguración da exposición
de **Pastor Outeiral**,
que terá lugar o vindeiro
xoves, 8 de novembro, ás 20 horas e
será realizada polo Dr. Miguel Abad.
A exposición poderá ser visitada
ata o día 30 de novembro.



Pastor Outeiral

Lo bello y lo simple



Abrimos de luns a sábado de 9 a 21h

www.sargadelosferrol.com

Galería de arte Libros galegos e portugueses Cerámica

Rubalcava 30-32 (esquina Rúa María).15402 Ferrol. Tif.: 981 353 714 Fax: 981 353 716 ferrol@sargadelos.com



Non fai falla escaparse ó lugar máis idílico, nin estar ó lado do conflito máis terrible ó outro lado do mundo para facer unha foto bela e profunda. Penso que no cotidián , se nos fixamos ben, podemos atopar beleza e misterio acubillados nas físgoas do simple. Falo da textura da pel, da cor da materia, da fascinación polo horizonte entre o ceo e o mar. Este grupo de fotos son a proposta dunha forma de mirada. A intención non é outra que vostedes a acompañen, a confronten, a desdobren e, en definitiva, a conduzan a ese lugar azul que todos temos, en moitos casos, escondido na m e m o r i a .

Pastor



Camiñando inquedo sobre a ponte das vacilacións, busca coa súa mirada o belo e o simple. Con texturas e cor evoca sensacións e ata sentimentos, con outras miradas fugaces conta unha historia sinxela e chea de ironía, provocando un sorriso.

Un amigo